

EROSKI ALCANZA OS 600 SUPERMERCADOS FRANQUIADOS

- **EROSKI Franquías aposta pola calidade do seu modelo de franquía integral "EROSKI Contigo" e chega na actualidade ao 77% da rede de franquías**
- **Os multi franquizados supoñen a metade das aperturas do pasado ano: tras un primeiro supermercado, aumentan o seu negocio con novos puntos de venda**

Elorrio, 20 de outubro do 2022.- [EROSKI](#) alcanza o fito de 600 establecementos franquizados, dos cales a metade púxose en marcha nos últimos 5 anos.

As comunidades autónomas onde se concentra o maior número de supermercados destas características son Galicia (121), País Vasco (108), Cataluña (104), Baleares (72), Andalucía (48), Navarra (37), Aragón (27), Madrid (20), Castela e León (13), Comunidade Valenciana e Cantabria (9), A Ríoxa (8), Castela A Mancha (7), Extremadura (5), Andorra e Xibraltar (2) e, para rematar, Asturias e Ceuta (2).

As franquías de EROSKI responden ao modelo comercial "contigo", que integra todas as características, avances e vantaxes da súa rede de tendas propias EROSKI: aposta polo produto local e rexional, a promoción da alimentación saudable, a contribución ao aforro dos seus clientes e o seu compromiso coa responsabilidade social e a sustentabilidade a través de iniciativas de solidariedade e de redución do impacto ambiental.

EROSKI aposta de xeito decidido por ofrecerlle ao mercado un modelo de franquía diferente. *"O asesoramento comercial e o apoio continuado durante todo o ano é o que os nosos franquizados valoran máis e o que nos distingue do resto. Somos unha cooperativa de traballadores e consumidores, con valores propios que nos fan diferentes. En EROSKI entendemos as incertezas do emprendedor e as súas necesidades. Consideramos estes valores como intanxibles necesarios para construír marca"*, subliña o director de Supermercados e Procesos de EROSKI, Alberto Madariaga.

Confianza dos franquizados

Segundo a última enquisa de satisfacción realizada o pasado mes de marzo aos seus franquizados, o 97,3% valora positivamente a franquía EROSKI. *"Trátase dun modelo sólido e que xera confianza nos nosos franquizados. A nosa relación susténtase na confianza, a honestidade, o apoio mutuo"*, engade Madariaga.

"A relación cos franquizados é tan estable que, en ocasións, o negocio pasa de xeración en xeración. Abrimos a nosa primeira tenda destas características hai 44 anos. Dende aquela seguimos a reforzar o noso negocio para atraer a cada vez máis franquizados mentres fortalecemos a nosa rede comercial", apunta Alberto Madariaga.

Dous son principalmente os perfís dos franquizados de EROSKI: os emprendedores que buscan o autoemprego para eles e o seu contorno próximo, que representan o 52% do

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
KRISTIAN PRIETO

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

total da rede e os investidores e empresarios, que queren apostar polo sector da distribución alimentaria, cun risco reducido e unha rendibilidade axeitada.

O 27% das franquías pertencen a multi franquizados que, logo de abriren o seu primeiro supermercado, aumentaron o seu negocio con novos puntos de venda. A metade das aperturas do 2021 realizounas este perfil de empresarios. *"Este indicador é moi importante porque consolida un traballo e unha relación de confianza entre EROSKI e os nosos franquizados e demostra que se trata dun negocio robusto que xera oportunidades para eles"*, comenta o director de Supermercados e Procesos de EROSKI.

Para Abelardo Arriazu, que forma parte de EROSKI franquías dende que abriu a súa tenda no ano 2001 en Ablitas, Navarra: *"Sempre nos sentimos apoiados por EROSKI. O que máis valoro da franquía EROSKI é o que a fai diferente do resto e sobre todo a calidade do produto de marca propia, que a potencia e fai que sexa máis doado defender ese produto fronte a outras marcas propias"*.

A actual rede de supermercados conta con diferentes formatos comerciais, entre os que destaca EROSKI City, que son supermercados de proximidade de 250 a 400 metros cadrados, con ampla variedade de alimentación e frescos.

O formato máis novidoso é a súa insignia *Rapid*, un formato de ultra proximidade e conveniencia en 150 metros cadrados, adaptable a calquera situación -ciudades, gasoleiras, universidades, zonas turísticas ou praias- e onde é posible facer unha compra cómoda, rápida e completa. Actualmente o formato Rapid conta con 47 tendas.

Convenios de colaboración para o desenvolvemento da Franquía

EROSKI mantén o seu convenio de colaboración coa Confederación Española de Asociacións de Empresarios Novos (CEAJE) para dar apoio e impulsar o emprendemento entre este colectivo. Con este acordo, amais de reforzar o seu compromiso co emprendedor, EROSKI busca contribuir ao desenvolvemento da economía local nas distintas comunidades autónomas.

Ademais, EROSKI e o operador petrolífero AVIA consolidaron o seu acordo de expansión dos supermercados franquizados co formato EROSKI *Rapid* nas súas gasoleiras, tras cumprir dous anos dende a posta en marcha deste convenio. Actualmente Eroski conta con 24 supermercados franquizados en estacións de servizo.

EROSKI continúa a espallar o modelo de empregabilidade para persoas con capacidades diversas que comezou desenvolvendo en 2015 xunto a GUREAK e posteriormente en colaboración con entidades como AMPANS ou SOLTRA en distintos puntos de España.

Grupo EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español (Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares), cunha cota superior ao 12% nese mercado. A súa rede comercial elévase a 1.646 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



supermercado *online*, e conta ademais con gasolinerías, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta tamén con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
ÉURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)